



Informe-memoria de xestión

da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblar 2020-2021

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2020, que tivo lugar o 7 de marzo en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as [liñas de acción da asociación para o período interasemblar 2020-2021](#).

O plan de acción aprobado non se cumpriu na súa totalidade, mais si se levaron a cabo as actividades máis urxentes e necesarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, LGx15, Agasallo etc.). Editouse e fíxose público o **Manual de procesos selectivos para técnicos/as de normalización lingüística**, e convocouse a segunda edición dos **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego**, que tivo que ser adiada por mor da crise sanitaria e aínda non se resolveu.

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes** de levarse a cabo no ano 2020: avanzouse na elaboración dunha proposta de temario específico para procesos selectivos, con modelos de probas prácticas, mais non se finalizaron os traballos; e tamén quedou pendente a redacción dunha proposta unificada de probas de lingua galega para o acceso a prazas nas administracións públicas.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria, dentro das posibilidades, dos recursos materiais e humanos e das circunstancias que caracterizaron este ano, para procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.



Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1. **Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.** As accións máis salientables que se desenvolveron nesta área foron as seguintes:

- Difundíronse no web, a través do boletín e nas redes sociais as **convocatorias de prazas** de técnico/a de normalización lingüística ou similares que se publicaron durante o ano (dúas prazas temporais en Sada e Noia, unha praza na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e dúas prazas de redactor/a-corrector/a na Deputación Provincial de Pontevedra), así como as **convocatorias de subvencións** para a creación de SNL (deputacións da Coruña e Pontevedra e Xunta de Galicia).
- Fixéronse **solicitudes e alegacións** na procura de mellorar as condicións laborais dos/das traballadores/as de normalización da lingua e, en xeral, o traballo a prol da lingua desde as administracións:
 - Xuño de 2020: [presentáronse alegacións á aprobación provisional da RPT do Concello de Betanzos](#), xa que non incluía a praza de técnico/a de normalización lingüística. En xaneiro de 2021 recibimos a resposta do concello, co rexeitamento das nosas alegacións.
 - Xaneiro de 2021: [solicitóuselle ao concello de Vilagarcía de Arousa a cobertura da praza de técnico/a de normalización lingüística](#), vacante desde agosto de 2020 por xubilación. Aínda non recibimos resposta do concello.
 - En relación coas solicitudes formuladas o ano anterior (a Arteixo, Carballo e Ferrol), non tivemos resposta e ningunha das tres prazas se cubriu. No caso de Arteixo, tamén se presentaron alegacións á modificación da RPT e o concello retrocedeu na intención de suprimir a praza; con todo, continúa vacante.
 - En febreiro de 2021 tamén se dirixiu unha [carta ao grupo municipal do PP no Concello de Pontevedra](#) para responder ás acusacións dirixidas ao Servizo de Normalización Lingüística de Pontevedra e á súa responsable técnica.
- Fíxose **seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais e a Xunta en materia de normalización lingüística**, mais infelizmente hai que



salientar que **durante este ano só se creou un SNL temporal no Concello de Sada.**

As axudas da Deputación da Coruña convocáronse en febreiro e resolvéronse provisionalmente en xuño e definitivamente en xullo cunha corrección en outubro. Concedéronse axudas de 15 000 euros para o mantemento de 27 SNL e para a creación de catro, dos cales só acabou por crearse un **SNL temporal en Sada**, a pesar de se convocar dous (**a praza de Noia quedou sen cubrir**). No caso da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, a praza convocouse aínda en xaneiro de 2021.

As axudas da Xunta e da Deputación de Pontevedra convocáronse moi tarde, no mes de xullo, o que dificultou tanto a presentación de solicitudes coma a creación de prazas. As axudas da Xunta incluíron só o mantemento e o reforzo, mais ningún concello obtivo axuda por este segundo concepto. Na resolución, publicada en outubro, foron 35 os SNL subvencionados con cantidades entre 1574,20 euros e 4254,80 euros.

Verbo da convocatoria da Deputación de Pontevedra, a resolución definitiva non se fixo pública ata despois de finalizado o ano. As axudas subvencionaban tanto o mantemento como a creación e o reforzo, cunha cantidade máxima de 20 000 euros. Mais **só catro concellos recibiron axuda para o mantemento** e un para a creación (O Porriño), sen que se chegase a convocar ningunha praza neste concello.

A Deputación de Pontevedra combinou esta convocatoria con outra para actividades de dinamización da lingua galega dirixida tamén aos concellos, que abrangía actividades como concursos, publicacións, campañas no comercio ou recoñecementos e distincións. Para concorrer a estas axudas non se tiña en conta, nin como requisito nin como mérito, contar cun departamento técnico de normalización lingüística. Nestes momentos **a provincia de Pontevedra só conta con SNL en oito concellos.**



No mes de febreiro de 2021 [dirixiuse un escrito á deputada de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos de Pontevedra](#) con algunhas propostas de mellora das subvencións, entre elas:

- Que a convocatoria se publique o antes posible.
- Que se incentive a creación de SNL cunha contía económica maior e compromiso de continuidade.
- Que se definan mellor as axudas para reforzo de SNL.
- Que nas axudas para actividades se teña en conta que os concellos dispoñan de departamento técnico de NL.
- Que nas axudas para actividades se subvencionen preferentemente programas e non unha única actividade e que eses programas non se centren en concursos literarios, publicacións e recoñecementos, senón en ámbitos de máis interese para a normalización da lingua: infancia e mocidade, lecer, economía, deporte, novas tecnoloxías...

Infelizmente as nosas propostas chegaron cando a tramitación das axudas estaba moi avanzada e non puideron terse en conta; de feito as axudas para os SNL xa están convocadas. Así e todo, a Deputación de Pontevedra agradeceunas e animounos a analizar as vindeiras convocatorias.

- Editouse o [Manual de procesos selectivos para técnicos/as de normalización lingüística](#). Este documento inclúe os contidos e características que deben ter as convocatorias, recomendacións, unha proposta de bases xerais, resolución de dúbidas etc. A redacción deste traballo é responsabilidade de Andrea Garrido Juncal, profesora contratada doutora da USC especialista en emprego público, e Carla Casanueva Muruais. Para a edición en pdf contouse coa axuda da SXPL, grazas ao convenio de colaboración anual que temos coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O manual enviouse a diferentes organismos: Secretaría Xeral de Política Lingüística, Dirección Xeral de Administración Local, Escola Galega de Administración Pública, Federación Galega de Municipios e Provincias, ás catro deputacións provinciais e ás principais organizacións sindicais.



- No ano 2018 iniciouse un grupo de traballo para elaborar unha **proposta de temario actualizada para procesos selectivos de técnico/a de normalización lingüística**, o máis axustado posible ás funcións dos SNL e ás tarefas que se deben desenvolver. Avanzouse no traballo en 2020 pero aínda está pendente de finalizar.

2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización dalgún curso organizado directamente pola CTNL. Escolleuse, polo seu interese, un curso sobre **estratexias de comunicación para SNL**. Debido á situación sanitaria, este curso desenvolveuse totalmente **en liña** a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

- **Curso sobre estratexias de comunicación para servizos de normalización lingüística**
 - Datas: 22, 23, 29 e 30 de outubro e 5 e 6 de novembro de 2020, de 9.00 a 11.00 horas (12 horas de conexión síncrona)
 - Dúas horas de traballo na casa
 - Duración total: 14 horas
 - Modalidade: en liña **en liña** a través da sala virtual da docente no **Campus Remoto da Universidade de Vigo**: <https://campusremotouvigo.gal/>
 - Participación: 24 alumnos/as
 - Docente: **Emma Torres Romay**, profesora titular de Estratexia Publicitaria na Universidade de Vigo e doutora en Comunicación Audiovisual e Publicidade pola mesma universidade. Ten tamén experiencia profesional na Radio Galega e nos gabinetes de prensa da Consellería de Xustiza e da Universidade de Vigo.
 - Valoración: esta actividade formativa foi ben valorada polo alumnado. Entre os detalles para mellorar, botouse en falta máis afondamento das redes sociais e máis tempo para as actividades prácticas. Entre os aspectos positivos destacouse o dominio da materia pola docente, a metodoloxía e a dedicación.
 - Colaboraron: a Secretaría Xeral de Política Lingüística no financiamento e a Universidade de Vigo na cesión do Campus Remoto para realizar o curso.

ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaborouse cos [XXII Encontros para a normalización lingüística. A integración lingüística como ferramenta de cohesión social](#)
 - Lugar e datas: inicialmente estaban previstos para o mes de abril, pero finalmente tiveron lugar en liña entre o 13 e o 19 de novembro de 2020. O novo formato, con gravación previa das intervencións e debates en directo, tivo moi boa acollida.
 - Organizou: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega
 - Colaborou: Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - [Conclusións](#)

TRANSMISIÓNS DE IDEAS E ACCIÓNS DE FOMENTO DO GALEGO

- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua** (<https://lgx15.gal/>)

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

A causa da situación sanitaria incerta, a sexta edición deste ano do LGx15 non incluíu un espectáculo público, senón que se centrou na **gravación das intervencións**, que logo foron difundidas a través das nosas redes sociais, Youtube, Facebook e Twitter.

A gravación das intervencións tivo lugar o 3 de outubro na Sala Agustín Magán do Centro Sociocultural de Santa Marta, grazas á colaboración do Concello de Santiago, que nos cedeu o espazo. Logo da edición dos vídeos e dunha campaña de difusión nas redes sociais e na prensa, [estreáronse en Youtube e Facebook entre o domingo 22 e o sábado 28 de novembro de 2020](#).

Interviñeron **oito persoas** para transmitir, dun xeito breve, claro e visual –a través de charlas de entre 7 e 17 minutos–, ideas e reflexións para influír no uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos.



- Participantes do LGx15 de 2020: Ángel Carracedo, Esther Estévez, Adrián Dios, Beatriz Campos, Laura Marín, Manuel Gago e Verto (Alberto Mira e Fernando Peleteiro).
- Data da gravación: sábado 3 de outubro de 2020
- Lugar: Sala Agustín Magán do Centro Sociocultural de Santa Marta, Santiago de Compostela
- Valoración: o novo formato foi ben acollido e a difusión dos vídeos funcionou moi ben grazas á estrea simultánea en Youtube e Facebook, sobre todo nesta última rede social. O vídeo máis reproducido en Youtube foi o de Esther Estévez, con máis de 5500 reproducións, e en Facebook o de Ángel Carracedo con máis de 4000 visualizacións.

No financiamento deste proxecto, coma noutras edicións, colaborou a Secretaría Xeral de Política Lingüística grazas ao convenio anual que asinamos coa consellería correspondente (primeiro de Cultura e Turismo e logo de Cultura, Educación e Universidade).

- **Agasallo.eu. Propostas de regalos en galego** (<https://www.agasallo.eu>)

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu, para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades etc., co fin de dar a coñecer e visibilizar creacións que usan a lingua galega e incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.

En 2015 decidimos que a participación por parte das empresas comezase a ser gratuíta, a cambio da doazón dalgúns artigos para facer sorteos que permitan unha maior difusión da plataforma a través das redes sociais. Por outra parte, a partir dese mesmo ano pasou a ser a directiva da CTNL a encargada de incluír os produtos na plataforma e darlles difusión a través das redes sociais. Na actualidade a plataforma contén arredor de 1000 propostas diferentes dunhas 130 empresas distintas.

Durante todo o ano 2020 a plataforma estivo actualizándose de forma continuada e tivo bastante presenza nas redes sociais. Tamén se realizaron sorteos de



produtos a través das redes sociais, tanto dalgúns que temos en stock desde 2015 como de produtos novos ofrecidos por empresas participantes.

- **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (<https://milprimaveras.gal/>): segunda edición**

En 2020 tivo lugar a segunda convocatoria dos [Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego](https://milprimaveras.gal/), que se crearon coa finalidade de **valorar, recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**. Os **obxectivos** dos Premios Mil Primaveras son:

- Recoñecer o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística.
- Transmitir unha imaxe positiva do labor de promoción do uso e prestixio da lingua.
- Valorar externamente accións, proxectos ou campañas, seleccionar as mellores e sinalalas como modelos que poden ser imitados.
- Difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

Os premios contan con **seis categorías** para abranguer propostas diversas e diferentes colectivos e ámbitos sociais:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado:** entre aqueles que se desenvolvesen durante, polo menos, cinco anos.
- **Premio ao mellor proxecto novo:** entre aqueles nados en 2018 ou despois.
- **Premio á mellor comunicación e impacto:** que acadase un grande impacto social e por supor un modelo positivo de comunicación.
- **Premio ao proxecto máis innovador:** atendendo á innovación da súa maneira de intervir, da súa linguaxe, do seu ámbito de actuación etc.
- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade:** por ter como obxectivo principal a socialización en galego da infancia ou da mocidade, como poboación destinataria prioritaria na normalización lingüística para garantir o futuro da lingua.



- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial** (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.): por ter como obxectivo principal a procura do incremento do uso e/ou prestixio do galego nun ámbito sectorial concreto.

Todos os proxectos candidatos debían estar desenvolvidos en 2018, 2019 e/ou 2020.

Nesta nova edición tamén se realizaron algunhas **melloras no web**, especialmente no formulario de inscrición, tendo en conta os comentarios das persoas que presentaron proxectos na edición anterior.

O **prazo de inscrición inicial** abriuse o 17 de febreiro de 2020, mais decidimos interrompelo en marzo por mor do estado de alarma e do confinamento domiciliario, que dificultaban moito a participación. **Retomouse o prazo de inscrición en outubro e estivo aberto até o 31 de xaneiro de 2021.**

Para difundir as convocatorias e favorecer a participación usouse publicidade en medios de comunicación dixitais e no Facebook, envíos de boletíns informativos a SNL, asociacións e centros educativos, contactouse coas canles de comunicación que ten a Consellería de Educación cos equipos de normalización e dinamización da lingua...

Nesta segunda edición **inscribíronse 37 proxectos, programas, campañas ou accións de normalización da lingua**, desenvolvidas por SNL, ENDLG e outras entidades públicas e privadas. Nestes momentos está constituído o xurado e analiza as propostas presentadas.

Neste proxecto **colaborou a Deputación Provincial de Pontevedra** a través dunha liña de axudas dirixida a asociacións para desenvolver proxectos de dinamización lingüística, e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, pois tamén se incluíu dentro das actividades subvencionadas no convenio de colaboración anual coa consellería.



Accións organizativas e de comunicación

- Mantívose a cota dos/das socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- Nas comisións e plataformas de que forma parte a CTNL fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:
 - Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
 - Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL)
 - Plataforma Queremos Galego
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras, que este ano incluíu o LGx15, a convocatoria dos II Premios Mil Primaveras, o mantemento de Agasallo.eu, a realización dun curso e a edición do *Manual de procesos selectivos para técnicos/as de normalización lingüística*.
- Solicitouse unha axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a convocatoria da segunda edición dos Premios Mil Primaveras.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
 - **Webs:** mantívose actualizado o [web da CTNL](#), onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc. Tamén se empregou o [web dos Premios Mil Primaveras](#) para difundir algunhas novas referidas a premios de normalización da lingua.
 - **Boletín electrónico:** para mandar o boletín continúa a empregarse a **plataforma en liña MailChimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, que non chegan aos enderezos de destino, etc. Durante o período interasamblear enviáronse aproximadamente **24 boletíns**.



- Mantívose certa presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Nós Diario, Praza Pública, Nós Televisión, Galicia Confidencial, GCIencia*), que recolleron algunha da información que se lles trasladou sobre accións e campañas.
- Continuou a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL como das específicas de accións e campañas concretas. Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 17 de febreiro de 2021):
 - Seguidores/as FB CTNL: 5235 (+117)
 - Seguidores/as Twitter CTNL: 4725 (+427)
 - Seguidores/as FB LGx15: 2379 (+386)
 - Seguidores/as FB Agasallo.eu: 6330 (+439)
 - Seguidores/as Twitter Agasallo.eu: 2313 (+338)
 - Seguidores/as FB Como cho digo ;-): 4394 (-41)
 - Seguidores/as Twitter Como cho digo ;-): 1975 (+61)
 - Seguidores/as FB Gústame o galego: 15 300 (-151)
 - Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 6259 (-87)

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL

Pontevedra, 17 de febreiro de 2021